



2022

Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo galego

Sector Coidados





Título orixinal: © 2021

Textos e revisión: Equipo técnico de Espazocoop
Deseño e maquetación: Catro Ventos Editora Soc. Coop. Gal.

Unión de Cooperativas Espazocoop
Rúa do Hórreo, 104, 15701 Santiago de Compostela, A Coruña
<http://espazo.coop>



Esta obra comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a súa autoría mediante a mención expresa das autoras e da editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza ca a orixinal.

Os Plans Estratégicos de Espazocoop enmárcanse no programa de actuación 2021 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.



ÍNDICE

1. PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA	5
• 1.1 POTENCIALIDADES SECTORIAIS NO COOPERATIVISMO.....	10
2. ANTECEDENTES:	14
3. OBXECTIVOS:	16
4. RADIOGRAFÍA DO SECTOR COIDADOS	19
5. COVID-19: IMPACTO E MEDIDAS PARA A CONCILIACIÓN E OS COIDADOS NAS COOPERATIVAS	26
6. DAFO DO PAPEL DO COOPERATIVISMO:	32
7. CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	36
8. FOMENTO DA CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR	39
• OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN ECONOMÍA SOCIAL NA ATENCIÓN Á INFANCIA:.....	39
• OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN ECONOMÍA SOCIAL NA ATENCIÓN A MAIORES:.....	44
• PLATAFORMAS COOPERATIVAS NO SECTOR DOS COIDADOS	48
9. PLAN DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR: AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO	51
• POSIBLES OBXECTIVOS MARCO 2022 - 2025.....	58
10. BIBLIOGRAFÍA:	59



● PAPEL DO COOPERATIVISMO EN GALICIA

Cooperativa

A cooperativa é unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e para satisfacer necesidades e aspiracións dos seus socios, e en interese pola comunidade, mediante a participación activa deles, distribuíndo os resultados en función da actividade cooperativizada.

A xestión e o goberno da sociedade cooperativa correspóndelles exclusivamente a esta e ás persoas socias.

A sociedade cooperativa axustarase na súa estrutura e no seu funcionamento ós principios establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional:

I. Adhesión. As cooperativas son organizacións voluntarias, abertas a todas as persoas capaces de utilizar os seus servizos e dispostas a aceptar as responsabilidades de ser socio/a, sen discriminación social, política, relixiosa, racial ou de sexo.

II. Xestión democrática por parte das persoas socias. As cooperativas son organizacións xestionadas democraticamente polas persoas socias, que participan activamente na fixación das súas políticas e na toma de decisións. Os homes e mulleres elixidos para representar e xestionar as cooperativas son responsables ante as persoas socias. As cooperativas están organizadas de xeito democrático.

III. Participación económica das persoas socias. As persoas socias contribúen equitativamente ao capital das súas cooperativas e xestiónanas de xeito democrático. Polo menos, unha parte dos activos é, por regra xeral, propiedade común da cooperativa. Normalmente reciben unha compensación, se existe, sobre o capital entregado como condición para ser socio/a. As persoas socias asignan os excedentes para todos ou algún dos seguintes fins: ao desenvolvemento da cooperativa; á constitución de reservas, das que, polo menos, unha parte sería indivisible; ao beneficio das persoas socias en proporción das súas operacións coa cooperativa; e ao apoio doutras actividades aprobadas polas persoas socias.

IV. Autonomía e independencia. As cooperativas son organizacións autónomas de autoaxuda, xestionadas polas persoas socias. Se asinan acordos con outras organizacións, incluídos os gobernos, ou se acadan capital de fontes externas, fano en termos que aseguren o control democrático por parte das persoas socias e manteñan a súa autonomía cooperativa.

V. Educación, formación e información. As cooperativas proporcionanlles educación e formación ás persoas socias, aos representantes elixidos, ás e aos directivos e ás persoas empregadas para que poidan

contribuír de xeito eficaz ao desenvolvemento das súas cooperativas. Informan ao gran público, especialmente á mocidade e aos líderes de opinión, da natureza e beneficios da cooperativa.

VI. Cooperación entre cooperativas. As cooperativas serven o máis eficazmente posible a quen forma parte delas como socio ou socia e fortalecen o movemento cooperativo traballando conxuntamente mediante estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais.

VII. Interese pola comunidade. Ao mesmo tempo que se centran nas necesidades e nos desexos das persoas socias, as cooperativas traballan para acadar o desenvolvemento sostido das súas comunidades segundo os criterios aprobados polos socios e socias.

Atendendo a base de definición e principios cooperativos, as tipoloxías de cooperativas que mellor se axeitan para o sector dos coidados serían:

- **Cooperativa de traballo Asociado:** Asocian persoas naturais co obxecto de cooperativizar unha prestación laboral. Proporciónalles ás persoas socias un posto de traballo no que producen en común bens e servizos.

Unha especialidade das cooperativas de traballo asociado e asimiladas son as **cooperativas xuvenís**: son aquelas constituídas maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre 16 e 29 anos, agás no caso de que sexan persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento en que a idade máxima será de 35 anos. Teñen por obxecto proporcionarlle emprego e un marco apropiado para o desenvolvemento profesional á xuventude, mediante a prestación do seu traballo persoal producindo en común bens e servizos para terceiros. Contan con importantes vantaxes para a súa constitución (redúcese o capital mínimo e non se require outorgamento de escritura pública), e transcorrido o prazo marcado nos estatutos,

que non será superior aos cinco anos, deben transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse.

Como cooperativa singular e excepcional tamén se prevé a **cooperativa mixta de traballo asociado**. Neste tipo de cooperativas existen cooperativistas cuxo dereito de voto na asemblea xeral poderá determinarse en función do capital achegado nas condicións establecidas estatutariamente. O obxecto destas cooperativas é contribuír á captación de capital de terceiros nos proxectos cooperativos, salvando ao máximo posible as características que son propias das sociedades cooperativas.

Por outra parte, A Xunta de Galicia poderá cualificar como **sociedades cooperativas sen ánimo de lucro** as que polo seu obxecto, actividade e criterios económicos de funcionamento acrediten a súa función social. Considéranse como tales as que se dediquen principalmente á prestación e xestión de servizos sociais, educativos, culturais, artísticos, deportivos ou de tempo libre e outros de interese colectivo ou de titularidade pública, á integración laboral das persoas que sufran calquera clase de exclusión social ou a outras actividades que teñan por finalidade conseguir a superación de situación de marxinación social de calquera tipo. (Disposición adicional cuarta. Lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.).

Do mesmo xeito que sucede con outras fórmulas empresariais sen ánimo de lucro, como os centros especiais de emprego e as empresas de inserción, os resultados positivos da actividade non poden ser distribuídos entre as persoas socias, destinándose os excedentes dispoñibles (beneficios) a un Fondo de Reserva Obrigatorio e irrepatriable. Ademais desta consideración, as cooperativas sen ánimo de lucro teñen limitada a retribución das persoas socias traballadoras e do persoal asalariado, non podendo superar o 150% das retribucións establecidas no convenio colectivo aplicable ao seu sector. Iso non significa que as persoas socias traballadoras e persoal asalariado traballen ou presten os seus servizos con carácter gratuíto, senón que tanto os beneficios

como as súas retribucións están suxeitas ás devanditas limitacións, prevalecendo o carácter social da entidade.

Como poñer en marcha unha cooperativa?

O paso previo para a posta en marcha dun proxecto cooperativo é que o grupo promotor leve a cabo a análise da viabilidade da idea mediante o desenvolvemento dun Plan de empresa¹ no que participe todo o grupo.

Unha vez levado a cabo este estudo (de mercado, organizativo e financeiro) e coñecendo o grupo polo miúdo as características da fórmula cooperativa², pódense iniciar os trámites para a constitución da mesma.

A secuencia dos pasos a seguir sería a seguinte:

- 1| Configurar un grupo promotor cooperativo.
- 2| Análise da viabilidade da idea.
- 3| Solicitud de nome³ da cooperativa.
- 4| Elaboración do proxecto de estatutos sociais (modelo de estatutos segundo a tipoloxía de cooperativa⁴).
- 5| Celebración da asemblea constituínte.
- 6| Cualificación previa do proxecto de estatutos.
- 7| Solicitud de CIF provisional⁵.
- 8| Apertura dunha conta bancaria. Achegas iniciais ao capital social. Certificado.

¹ Plan de empresa: <https://consolidaes.com/Inicio.php>

² Manual de formación para socias e socios: <https://espazo.coop/recursos/manual-de-formacion-para-sociasos-de-cooperativas-de-traballo-asociado/>

³ Solicitud de nome da cooperativa: https://www.mites.gob.es/ficheros/ministerio/sec_trabajo/autonomos/economia-soc/Regsociedades/Modelos/MODELO_certificacion_negativa_denominacion1.pdf

⁴ Rexistro Virtual cooperativas de Galicia: https://emprego.xunta.es/lrpro/web/av_cooperativas/modelos-de-estatutos

⁵ Axencia Estatal Tributaria: <https://www.agenciatributaria.gob.es/AEAT.sede/tramitacion/G322.shtml>

- 9| Escritura pública de constitución ante notario/a, excepto para as cooperativas xuvenís. Os aranceis están bonificados segundo a Disp. adicional terceira da Lei de Cooperativas de Galicia.
- 10| Liquidación do I.T.P.A.X.D. (Exento para as cooperativas) ⁶.
- 11| Solicitud de inscrición no Rexistro de Cooperativas.
- 12| Solicitud do CIF definitivo (Axencia Tributaria Estatal).
- 13| Documentación social: Libro de rexistro de persoas socias – libro de actas da asemblea xeral – Libro de actas do consello reitor – outros libros.
- 14| Resto de trámites de inicio de actividade: Declaración censal, inicio de actividade, alta na seguridade social, permiso municipal de apertura de establecemento, comunicación de apertura do centro de traballo, libros de visitas da inspección de traballo e seguridade social...


1.1 POTENCIALIDADES SECTORIAIS NO COOPERATIVISMO

O cooperativismo contribuíu de forma moi significativa ao desenvolvemento social e económico de Galicia nas últimas décadas, como acredita a súa evolución en termos sociais e económicos ao longo do devandito período, acadando na actualidade unha gran relevancia en moitos sectores da actividade económica, entre outros a agricultura, o sector financeiro ou a distribución e os servizos, configurándose como un instrumento xerador de emprego moito máis activo que as sociedades de capital nalgúns sectores, como por exemplo no sector cultural. Por outra banda, emerxe con gran forza en sectores que responden a grandes demandas sociais, como educación, sanidade, atención aos fogares e outros servizos sociais.

⁶ Axencia Tributaria Galega: https://ovt.atriga.gal/#!/detalle_servizo/?Transmisi%C3%B3ns+patrimoniais+e+actos+xur%C3%ADdicos+documentados/11609739/4126995/30852231/l/item-brown

EVOLUCIÓN CREACIÓN COOPERATIVAS 2015-2020

(Elaboración propia, segundo datos rexistro de cooperativas de Galicia)




COOPERATIVAS CONSTITUÍDAS E NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS PROMOTORAS SEGUNDO OS REXISTROS PROVINCIAIS E CENTRAIS DE COOPERATIVAS DE GALICIA. ANO 2019

(FONTE. Xunta de Galicia. Estatísticas en materia de economía social. 2019)

REXISTRO	NÚMERO COOPERATIVAS	HOMES	MULLERES	PERSOAS XURÍDICAS	TOTAL PERSOAS
A Coruña	38	110	79	6	195
Lugo	7	7	8		16
Ourense	9	7	12		19
Pontevedra	48	126	102	10	238
CENTRAL	8	86	29	30	145
TOTAL	110	336	231	46	613

No ano 2020, as 98 cooperativas creadas, están formadas en un 52.2% por socios promotores homes e en un 43.5% por socias mulleres.



EVOLUCIÓN COOPERATIVISMO EN SECTORES EMERXENTES

(Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia. Estatísticas en materia de economía social. 2019, 2018,2017)

SECTOR	Nº COOP 2019	Nº 2018	Nº COOP 2017
Educación	8	6	3
Actividades sanitarias e de servizos sociais	7	2	3
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	6	2	4

Porén, tanto os cambios ambientais, sociais e tecnolóxicos experimentados pola nosa sociedade, como máis recentemente a crise económica e social derivada da Covid19, expoñen novos retos e desafíos para o cooperativismo,

ao tempo que posibles oportunidades que demandan enxergar novos xacementos de actividade para os distintos colectivos que a raíz desta crise van quedar no desemprego. Compre polo tanto, reflexionar sobre as posibilidades que brinda o modelo cooperativo para estruturar sectores económicos e xerar riqueza e emprego, detectando posibles xacementos de emprego e alternativas de emprendemento para novas cooperativas ou para proxectos que poden incrementar dimensión e crear a súa vez novos empregos.

Desde Espazocoop queremos avaliar as oportunidades que ofrecen diversos sectores que podan ser unha alternativa ocupacional e de emprendemento, diante das novas circunstancias marcadas polo distanciamento social e alí onde xa existían experiencias de éxito e que dan resposta a estas novas demandas sociais.



2

● ANTECEDENTES:

Para o estudo e análise, tomamos de referencia a investigación levada a cabo por COCETA e ESPAZOCOOP durante o segundo semestre do ano 2020, unha vez superado o primeiro impacto que supuxo o confinamento e coas medidas de apoio social e económico (ERTE ´S e as Prestacións Extraordinarias por Cese de RETA) en aplicación.

E nos centraremos na recompilación de datos do territorio galego, se ben, é común que sectores como a cultura, ocio e tempo libre, turismo-hostalería, educación infantil 0-3 anos, comercio polo miúdo... foron os sectores mais golpeados pola crise, e non soamente en Galicia, con importantes reducións de facturación e con perspectivas en moitos casos pouco prometedoras.

A redución de facturación nestes sectores ocasionou que as cooperativas tiveran e estean tendo dificultades para afrontar o pago das súas obrigas fiscais e laborais, por esgotamento dos seus niveis de tesourería, que nun principio pode que foran cubertas con reservas e excedentes positivos de exercicios anteriores, pero que, dada a extensión temporal das medidas de confinamento, a situación derive en tensións importantes de tesourería, o que en moitos casos obriga a recorrer a créditos ou outros instrumentos de endebedamento, a nivel autonómico e tamén estatal.

Ademais das dificultades que afrontan as entidades de recente creación, moitas delas aínda están no berce e no proceso de posta en marcha cando se produce o peche e paralización total coa situación de confinamento e que nin sequera poden acceder a prestacións ou apoios xa que non teñen facturación en exercicios anteriores e non compren requisitos para acceder aos apoios previstos.

Con carácter xeral, as cooperativas iniciaron ERTE's, pola duración dos estados de alarma ou ampliados nas condicións que as medidas económicas adoptadas polo goberno contemplaba, así como acceso a financiamento ou axudas dos gobernos autonómicos no seu caso, igualmente o acceso a financiamento ético tamén se viu en alza. Estas tramitacións non foron doadas, para as cooperativas nin para outros modelos económicos, provocaron moitas dúbidas, problemas burocráticos nas tramitacións, e o volume tan alto de solicitudes xerou grandes retrasos na recepción de recursos e resolucións, incrementando mais aínda a situación límite de moitas entidades.



3

● **OBXECTIVOS:**

O sector obxecto de análise en este plan é o dos coidados, para facilitar a conciliación laboral, familiar e persoal.

Nunha realidade onde van ter que convivir teletraballo e coidado de menores e a teleformación. E onde se constata que unha vez máis é a muller a que asume a carga dos coidados. Avaliar alternativas de atención, ocio e can-guraxe, marco lexislativo e posibilidade de uso de espazos comunitarios ou vivendas particulares que cumpran os requisitos.

Indo un paso mais con este plan tamén queremos achegar a noso grao de area aos distintos Eixes da Estratexia Española da Economía Social 2017/2020, que cita expresamente “a conciliación persoal, laboral e familiar”

Eixe 1. Apoio ao emprego e ao emprendemento no ámbito da economía social.

Eixe 4. Xeración de mecanismos innovadores de participación da economía social en sectores estratéxicos (Medida 21. Desenrolo e utilización das fórmulas de colaboración público / privadas coa participación da economía social na prestación de servizos públicos, educativo, sanitario, de seguridade social, servizos sociais, etc.).

Eixe 8. Incremento da visibilidade da entidades de economía social e difusión das súas actividades (Medida 42. Fomentar a elaboración de estudos especializados sobre as entidades de economía social).

Eixe 9. Fomento da igualdade de xénero e da inclusión social na economía social.

Con este plan estratéxico centrámonos en analizar dúas liñas estratéxicas, sen deixar de reflexarnos na situación de pandemia actual, do COVID-19:




A) Análise sobre os coidados e conciliación que se produce a raíz da pandemia COVID-19, e o impacto que se produce nas persoas das cooperativas, principalmente en torno a cuestións de teletraballo.

B) Análise de posibilidades de novos empregos e novas oportunidades de negocio baixo a fórmula cooperativa en particular e na economía social en xeral, para poder atender aos coidados e a conciliación.

E para abordar estas liñas, a investigación se centra nos seguintes elementos, obxecto de estudo:

1. Coñecer as dificultades e retos que xorden e que aínda poden xurdir da crise da pandemia COVID-19 para as mulleres socias traballadoras das cooperativas de traballo en relación con teletraballo e a atención a menores e persoas dependentes, valorando así mesmo o rol dos homes socios traballadores.
2. Concretar en que medida a conciliación laboral, persoal e familiar viu afectada pola pandemia COVID-19 e a implantación do teletraballo.
3. Determinar as medidas que se puxeron en marcha nas cooperativas para tratar de solucionar as dificultades e retos planeados, conxugando as necesidades da cooperativa coas das persoas socias en base aos principios de igualdade, equidade e solidariedade.
4. Verificar se as medidas legais establecidas supuxeron algunha mellora nas condicións laborais das mulleres socias traballadoras.
5. Seleccionar casos de boas prácticas establecidos polas cooperativas para favorecer os coidados e a conciliación.
6. Comprobar se a conciliación persoal, laboral e familiar, seguirá sendo ítem importante nas cooperativas.
7. Establecer se a economía dos coidados pode ofrecer alternativas e novos xacementos de empregos e emprendemento no ámbito cooperativo, especialmente para as cooperativas de atención social e ás persoas.



● RADIOGRAFÍA DO SECTOR COIDADOS

De que falamos cando falamos de “ coidados” ?

Traballo de coidados

Actividades que se realizan para cubrir todas as necesidades que requiren as persoas para garantir o sostemento e a reprodución da súa vida, así como o seu benestar físico e emocional. Iso inclúe tanto o traballo non remunerado (realizado especialmente polas familias) como o remunerado.

Coidado social

Actividades e relacións que interveñen na satisfacción das necesidades físicas e emocionais das persoas adultas e das nenas e nenos, e os marcos normativos económicos e sociais nos que aquelas se asignan e desenvolven.

Organización social do coidado

Distribución do coidado en todas as esferas do benestar dunha sociedade, a saber: Estado, mercado, familia e comunidade.

Crise de coidados

Desequilibrio existente entre as necesidades de coidados e a demanda de servizos e traballadoras para a súa provisión. Constata as condicións de desigualdade social que se xeran durante a súa, subministración en función do xénero, a clase social e a etnia

Como nos coidamos en Galicia?

A organización social dos coidados representa unha cuestión de crucial importancia no contexto actual, sobre todo, a raíz dos cambios socio demográficos dos últimos anos que abren unha nova fenda na sociedade, e dos efectos provocados pola pandemia da Covid-19. A lonxevidade é unha conquista social, pero aumenta a probabilidade de discapacidade e, daquela, as necesidades de atención. O avellentamento da poboación reforza as xeracións dunha familia, xa que promociona os vínculos entre os parentes de distintos rangos de etnias (Lee e Mason, 2011), pero tamén xera novas necesidades económicas no ámbito das pensións. A redución da fecundidade permite controlar os desexos individuais de traballo, o estilo de vida e a realización persoal, mais non sempre se manteñen os fillos desexados e, por tanto, pérdese futuro apoio familiar.

E este último aspecto é sumamente importante. Non hai dúbida de que a familia é o centro baixo o que se sosteñen os coidados.

A distribución do coidado en Galicia susténtase na implicación da parentela cuxa atención adoita reforzarse mediante a combinación doutros recursos públicos e privados. Pero a implicación da familia é tan elevada que a media

de horas de coidados realizados cada semana ascende a 46,3 horas (Enquisa estrutural de fogares, IGE 2017). Iso fai pensar que as horas que prestan os servizos son adicionais á familia.

O 66,5% das persoas con dependencia recibe unicamente coidado familiar e o 29,0% recibe unha asistencia combinada entre diferentes tipos de recursos (familiares, persoa contratada ou servizos públicos). Polo tanto, a implicación da familia segue a ser a principal fórmula de provisión da atención nos fogares.

A palabra “coidados”, con carácter xeral, solo formaba parte da axenda feminista, ata fai ben pouco. Sen embargo, xa nas cooperativas de traballo, se encontraba incluída no “modus operandi” das mulleres e, en algunha medida, dos homes que como persoas socias traballadoras forman parte de este modelo empresarial.

Seguramente os principios e valores que conforman a columna vertebral do cooperativismo sexan responsables desta realidade: gobernanza democrática, equidade de xénero, a igual traballo-igual retribución, unha persoa-un voto...

Por elo, nas cooperativas de traballo, as mulleres socias traballadoras enfrontaron o “tema e problema” dos “coidados”, e para facer viable a súa vida laboral e familiar, comezaron a implementar “medidas”, negociadas no seo da cooperativa, que posibilitaran esta conciliación.

En pleno avance, sobre políticas de coidados, aparece no 2020, a pandemia COVID-19 en un vórtice de acontecementos e circunstancias que deron a volta, en moitos casos, a realidade das políticas de “coidados”, levando incluso, a que esta irrupción na vida pública “das políticas de coidados” faga que o Goberno de España comece a regular o teletraballo, non solo para momentos como o COVID-19, se non nunha perspectiva de futuro.

Mirando esta realidade, causa/efecto, problemáticas e busca de solucións, fai que caiamos na conta de reflexionar sobre novas perspectivas que esta situación de crise social e económica pode estar xerando, e profundar sobre circunstancias presentes e /ou futuras, que poidan dar lugar a novos nichos de mercado, novos xacementos de xeración de emprego e oportunidades de autoemprego, onde o cooperativismo pode ter encaixe como unha alternativa viable e oportuna, sostible e solidaria.

A través dos estudos realizados por COCETA, en 2018/19, sobre “Las Mujeres en las Cooperativas de Trabajo” e no 2004 o “Estudio sobre la realidad social y laboral de las mujeres en el Cooperativismo de trabajo asociado en España”, comprobouse como o índice de conciliación laboral das mulleres nas cooperativas de traballo foi aumentando, o que conleva un avance significativo, pasando a ter “mais tempo” para elas (persoal) e para a familia, sentíndose con un bo grado de conciliación de mais do 60% (porcentaxe significativo tendo en conta as variables de conciliación persoal, laboral e familiar). Igualmente, no Estudo do 2004, mostrouse que esta conciliación se producía aínda que as mulleres non tivesen “axudas” para a conciliación, nin persoais, nin institucionais, nin laborais, o que evidenciaba que as políticas de “coidados” practicamente nin se prantexaban e, aínda así, a situación resultaba favorable para as cooperativas de traballo, tal e como un 45,7% das persoas que traballaron en outras fórmulas empresariais, que responderon á pregunta, así o manifestaron.

Co paso dos anos, nas cooperativas de traballo asociado, o grado de conciliación na vida da muller aumentou e segue en alza, e comprobouse que ás políticas de coidados se suman outras persoas, que facilitan que os coidados non recaian exclusivamente na muller.

En Galicia, temos hoxe en día apoios que potencian a conciliación e o emprendemento feminino, como por exemplo:



O programa Emega, que comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres.

O programa Emega comprende as seguintes liñas e axudas complementarias:

- a) Liña Emprende: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.
- b) Liña Activa: liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer a reactivación, a consolidación de empresas constituídas por mulleres, ou a implantación de medidas innovadoras para a mellora


da competitividade, a través de medidas de renovación, implantación, ampliación ou cambio de localización da actividade dirixidas a paliar unha situación económica adversa, e que resulten necesarias para o mantemento do emprego por conta propia e por conta allea, así como para acadar o necesario equilibrio empresarial e asegurar a súa pervivencia, consolidación e mellora, no actual contexto económico, contexto que se viu agravado pola situación da pandemia pola COVID-19. As ditas medidas non poderán supor, en ningún caso, destrución do emprego existente por conta propia e allea.

- c) Liña ITEF: liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica, promovidas por mulleres e que supoñan a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.
- d) Liña Concilia: axuda complementaria das liñas Emprende, Activa e ITEF para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, nas súas dúas modalidades: Concilia-promotoras e Concilia-persoas traballadoras por conta allea.

Axudas á conciliación da vida familiar e laboral, por redución da xornada de traballo como medida de fomento da conciliación e corresponsabilidade para as persoas traballadoras e as familias monoparentais que teñan unha situación de redución da súa xornada de traballo para o coidado de fillos e fillas.

Programa de axudas económicas ás familias para a atención de nenos/as menores de 12 anos a través do programa Bono Coidado. Son axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, ás familias con nenos e nenas menores de tres anos que teñan a súa residencia en Galicia e precisen dun recurso personalizado a domicilio para cubrir necesidades puntuais derivadas da conciliación das obrigas laborais e persoais e as responsabilidades familiares. No ano 2020, tamén se convocou un "Bono coidado extraordinario

rio, ” que consistía en axudas económicas ás familias con nenos e nenas de ata doce anos de idade, estes incluídos, que teñan a súa residencia en Galicia para a conciliación da vida familiar e laboral durante o tempo de suspensión de actividade nas escolas infantís 0-3 e centros de ensino non universitario como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19



5

- **COVID-19: IMPACTO E MEDIDAS PARA A CONCILIACIÓN E OS COIDADOS NAS COOPERATIVAS**

IMPACTO DA COVID-19 NOS COIDADOS E NA CONCILIACIÓN NAS COOPERATIVAS

DEBILIDADES	FORTALEZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Adaptación ao teletraballo • Prevención de riscos nas oficinas • Aspectos emocionais e psicolóxicos • Cuestións da área económica financeira • Fomento do principio de igualdade • Mellorar a brecha de xénero 	<ul style="list-style-type: none"> • Os principios e valores cooperativos
OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Medidas legais • Condicións axeitadas para afrontar as medidas de adaptación • Intercooperación 	<ul style="list-style-type: none"> • Temporalidade da situación • Cambios normativos e legislativos • Falta de financiación para adoptar medidas regulamentarias • Falta de medidas e apoios para o acercamento social, coidado emocional.

RETOS E DIFICULTADES

A resposta maioritaria ten que ver coa adaptación ao teletraballo, coas derivadas de sobrecargas, maiores esforzos, horarios, desorientación e dispersión, e a adaptación técnica a esa dixitalización forzosa, en relación estreita cos problemas de conciliación, se temos menores na casa, e se teñen que compartir recursos, e compatibilizar o teletraballo coa atención a eses menores e/ou a persoas dependentes.

Outros retos atopados van en relación á prevención de riscos laborais nas oficinas, adaptar as distancias de seguridade, dotarse de equipos de protección, reorganizar os grupos de persoas de traballo, establecer quendas.

E outras dificultades atopadas foron as relacionadas cos aspectos emocionais e psicolóxicos, que poden traer consigo na cohesión grupal o distanciamento, a desmotivación, desconexión e illamento.

Cabe destacar que a cuestión económica aparece como a última dificultade en termos de preocupación. Que se ben sufriron as consecuencias económicas da pandemia, no se viron afectadas nun primeiro momento dun xeito tan importante como para que as perdas de ingresos ou baixadas de facturación estean entre as principais preocupacións. Tamén probablemente os ERTE ´S e outras medidas tiveran tamén que ver en gran medida.

Por último, a considerar como un reto ou debilidade que se está convertendo en fortaleza, é que segundo a investigación de COCETA, a pandemia afectou a socias e socios por igual (56,1%), o que ven a consolidar a idea de que o principio de igualdade é unha realidade nos proxectos cooperativos.

Pero tamén destaca que un 26,3% considera que as consecuencias e efectos negativos afectan en gran parte ás socias, entendendo que nelas recaen máis os coidados das persoas dependentes tanto no período de confinamento como en momentos posteriores.

Pero parece confirmarse, por tanto, que nas cooperativas a brecha de xénero en relación cos coidados é bastante menor que se a comparamos con outros modelos empresariais, pero aínda queda unha marxe onde se debe seguir traballando e mellorar ese cociente.

E tense que ter en conta que nas cooperativas formadas soamente por mulleres, non se produce xa esta distinción, no grupo enquisado eran un 17%.

FORTALEZAS

Os principios e valores cooperativos convértense nunha ferramenta principal para manter e para impulsar medidas de actuación e facerlle fronte ás consecuencias da pandemia. (Axuda mutua, solidariedade, equidade, corresponsabilidade, igualdade, intercooperación...)

OPORTUNIDADES

Consolidar medidas legais para consolidar e afianzar o teletraballo, dotando un marco legal e regulamentario para as empresas e axudando economicamente a súa implementación, e así mellorarase a conciliación, reduciranse os desprazamentos, etc.

Moitas das medidas que se aplicaron durante o confinamento e que se están reforzando nesta “nova normalidade”, xa se coñecían previamente, pero as cooperativas están en situacións mellores para afrontalas, con maior flexibilidade e sen demasiados conflitos internos, derivados de traballar en favor do ben común.

Mellora no intercambio de experiencias e na intercooperación, a través das redes da Economía social. Hai un descoñecemento de novas posibilidades e novas medidas que se están levando adiante na economía social doutras comunicades, e grazas ás asociacións de cooperativas e outras entidades pódense chegar a coñecer máis facilmente.

AMEAZAS

Considerar as medidas aplicadas na pandemia como alto temporal, e non medidas que se vaian a quedar e que se deben afianzar.

Non potencializar medidas impulsoras relativas a cambios normativos e

lexislativos que faciliten a flexibilidade horaria, o teletraballo, a conciliación, pero tamén cláusulas sociais na contratación pública, por exemplo.

Establecer medidas regulamentarias sen un acompañamento de financiación que as acompañe e/ou as impulse.


Precísanse medidas e apoios que contribúan aos coidados emocionais e psicolóxicos, que potencien o acercamento social e persoal e favorezan a comunicación, logo de tanto tempo con ese distanciamento e illamento, e que tampouco hai certeza de se volverá a ser como antes da pandemia.

MEDIDAS DE CONCILIACIÓN E COIDADOS QUE SE POÑEN EN MARCHA NAS COOPERATIVAS A RAÍZ DA COVID-19

- a. Medidas para a adaptación a contornas virtuais, teletraballo, teleformación, reunións virtuais. Incorporando tecnoloxías dixitais e investindo en infraestrutura para poder levalo adiante. Buscando para a súa posta en marcha axudas como o Cheque dixitalización COVID-19, ou para financiamento, onde na economía social se notou un incremento de servizos financeiros a través das cooperativas de crédito ou outras entidades afíns (Coop57, Fiare...)
- b. Medidas para facilitar a conciliación, flexibilidade horaria, condicións laborais, revisión salarial con carácter solidario, permisos... Estas medidas parten dunha reflexión organizativa, producindo cambios incluso no seu regulamento de réxime interno. Aplicando os valores e principios cooperativos para poder empatizar coas circunstancias e necesidades de compañeiros e compañeiras, distribuindo cargas equitativamente e adaptando salarios, facilitando a autoxestión, fomento de canles de comunicación interna, xerando espazos de coidados emocionais...
- c. Medidas para acondicionar os espazos, para a prevención e seguranza laboral, adquirindo máis aprovisionamentos de elementos de limpeza,

elaborando protocolos de actuación para o emprego de zonas comúns, a atención ao público, etc. Estas medidas tamén foron levadas a cabo con menos impacto nas cooperativas grazas ao principio de solidariedade e de intercooperación entre cooperativas e o emprego de mecanismos de redes que facilitaron dotarse de loxística en grupo para o aprovisionamento dos materiais necesarios.

Son moi raros aqueles casos en que se teñan que quedar persoas socias polo camiño, por non poder conciliar traballo e coidados. Aplicando o principio de axuda mutua, búscase por todas as vías que non se produza ningunha saída das persoas socias traballadoras da cooperativa por estes motivos.



6

- **DAFO DO PAPEL DO COOPERATIVISMO:**

DEBILIDADES	FORTALEZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Brecha de xénero • Falta de formación • Emprego informal • Situacións de vulnerabilidade 	<ul style="list-style-type: none"> • O valor engadido das cooperativas opera en ambas direccións: para o persoal asistencial e para as persoas que o reciben. • Mellores condicións de dereitos socio-laborais. • Desenvolvemento profesional
OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Oco abandonado polo sector público e privado. • Formas innovadoras de atender as necesidades asistenciais • Novos servizos para proxectos xa creados 	<ul style="list-style-type: none"> • Convenios mal remunerados • Falta de financiamento para o emprendemento e consolidación • Falta de coñecemento da lexislación e políticas propias

FORTALEZAS

As cooperativas ofrecen aos seus traballadores mellores salarios e prestacións por maternidade e enfermidade.

Formar parte dunha cooperativa fortalece o poder de negociación dos traballadores

Como membros dunha cooperativa, os traballadores do sector poden defender os seus dereitos apoiados polo poder da cooperativa. Isto ten un impacto positivo nos salarios, nas condicións de traballo, na seguridade no traballo e nas condicións de traballo.

As cooperativas asistenciais, poidan ser empresarias doutros grupos excluídos do mercado laboral.

As persoas que se benefician dos servizos asistenciais que prestan as cooperativas tamén reciben un valor engadido. As cooperativas favorecen o desenvolvemento profesional dos traballadores e os seus servizos, mediante formación e certificación. Ao considerar a posibilidade de traer a un traballador de coidados a domicilio, o feito de que estean certificados e estean asociados a un negocio rexistrado axuda á persoa que recibe a atención a beneficiarse do coidado dun coidador capacitado e cualificado no seu traballo.

O valor engadido das cooperativas opera en ambas direccións: para o persoal asistencial e para as persoas que o reciben.

DEBILIDADES

O persoal asistencial está formado maioritariamente por mulleres. Moitas teñen emprego informal e moitas outras son persoas traballadoras migrantes. Estes grupos son especialmente vulnerables á explotación e á exclusión do mercado laboral. Ademais, a prestación de coidados non se rexe a miúdo por un contrato, especialmente para as persoas traballadoras con emprego informal. Mesmo cando existen contratos, non sempre se respectan.

O poder negociador do persoal traballador é moi débil, especialmente para as mulleres, as que teñen emprego informal, as persoas migrantes. E a situación é aínda peor para as que traballan e viven a miúdo na casa do empresario

AMEAZAS

A asistencia a domicilio é o sector que máis medra no país, pero o seu persoal está entre os menos remunerados

Un dos problemas é o financiamento, especialmente nas fases de creación e desenvolvemento da empresa

A experiencia técnica pode ser outro desafío: a redacción de contratos e o coñecemento das políticas e lexislación pertinentes son exemplos diso

OPORTUNIDADES

Debido á inaccesibilidade, custos elevados ou simplemente a ausencia doutras ofertas do sector privado, as cooperativas créanse como unha terceira vía que se abre paso ao baleiro deixado polos sectores privado e público.

A evolución das características demográficas e poboacionais tamén xoga un papel importante. O crecemento rápido e sen precedentes da poboación anciá en case todas as rexións do mundo é un factor, coma outros, como o aumento das enfermidades non transmisibles. En definitiva, as necesidades de coidado e as formas nas que se entrega cambiaron drasticamente e seguirán cambiando nas próximas décadas. Todo isto require formas innovadoras para atender as novas necesidades asistenciais.

As cooperativas de vivenda introducen novos servizos como garderías ou centros de día para satisfacer as necesidades dos seus membros.



7

- **CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE COOPERATIVAS NO SECTOR**

A pandemia, e esta crise social e sanitaria afianza, e obsérvase claramente unha oportunidade de creación para o impulso do cooperativismo no sector dos coidados e atención a persoas: atención a maiores, atención á infancia, servizos do fogar que faciliten a conciliación.

Exemplos como as **casas do maior e casas niño**, onde ademais se potencia a fórmula da cooperativa de traballo asociado para a súa xestión e posta en marcha, e se apoia dende as administracións públicas este modelo de negocio e esta prestación de servizos.

Neste aspecto, cabe resaltar que a cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro pode ser a ferramenta perfecta para esta prestación de servizos onde teñan as persoas no centro como principal obxectivo.


Derivados da dixitalización e as novas necesidades que as empresas poidan ter para pasarse ao virtual, as **plataformas cooperativas** deben ser un gran mecanismo para a democratización do acceso á tecnoloxía nas novas ocupacións e onde a propia plataforma se converte nos novos “empregadores”

De xeito transversal, tamén se pode ver un xerme de emprego e emprendemento, derivado do peche de empresas ou da transformación empresarial, continuidade e/ou reconversión en cooperativas. Neste sentido, podemos ver a oportunidade en posibles **residencias de maiores** que se vexan abocadas a estas situacións de peche, e onde as persoas traballadoras poden reflotalas baixo a fórmula cooperativa. En novos centros de atención ás persoas maiores e dependentes, poden ter outra visión do que pode ser a convivencia ou as vivendas comunitarias.

O colapso do sistema público de atención e o confinamento decretado polo estado de alarma devolveron ao fogar toda a responsabilidade sobre os coidados e evidenciaron como as traballadoras de coidados remuneradas son esenciais para o mantemento da vida. Este proceso puxo en evidencia, así mesmo, a fragilidade do sistema (especialmente no terreo das residencias xeriátricas) e, polo tanto, a necesidade de repensarmos a súa estrutura e organización.

A porcentaxe da mercantilización dos coidados chega ao 13,0%, cifra que representa o número de persoas dependentes que teñen contratada de xeito privado a unha coidadora no seu domicilio. O 66,5% das persoas con dependencia recibe unicamente coidado familiar, e o 29,0% recibe unha asistencia combinada entre diferentes tipos de recursos (familiares, persoa contratada ou servizos públicos). - Enquisa estrutural de fogares, IGE 2017.

Polo tanto, non se pode obviar o feito de que se están a atopar novas formas de expresión a través da prestación de servizos público-privados dos coidados. Iso contribúe a que diminúan as cargas de coidados sobre os fogares, e a economía social ten aquí unha gran oportunidade, como unha fórmula de organizar os coidados a través do emprego do fogar dun xeito transformador, onde se externalizan as actividades, pero mantéñense dentro do fogar, replicando o modelo de organización familiar mais tradicional en Galicia.



- **FOMENTO DA
CREACIÓN E
CONSOLIDACIÓN DE
COOPERATIVAS NO
SECTOR**

OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN ECONOMÍA SOCIAL NA ATENCIÓN Á INFANCIA:

Estamos nun momento de enorme complexidade a nivel socioeconómico e de incerteza en relación co futuro. A Economía Social ten demostrado a súa capacidade para facer fronte a momentos complicados. Moitas das cooperativas de ensino galegas nacen nos anos 80 mediante procesos de transformación, nos que o profesorado decide tomar as rendas do proxecto empresarial

e educativo. A madurez amosada polas cooperativas de ensino permítelles ser coherentes cos seus valores e principios e enfrontarse á realidade con valentía e construír positivamente proxectos educativos, tendo sempre en conta as necesidades do alumnado, das familias e da sociedade.

Temos a posibilidade de innovar na educación, cambiar as realidades das aulas e dos propios centros, transformar o xeito de dar clase, facendo proxectos libres, espazos abertos, xogo libre, metodoloxías educativas transformadoras demandadas dende fai tempo polas organizacións educativas e pola cidadanía.

Pero todo isto pasa por unha aposta decidida dende as políticas públicas, para que consideren a Economía Social e as súas organizacións neste sector como entidades con potencialidade para fortalecer social e economicamente o ensino regrado e a educación de calidade, reclamando que sexan tratadas en igualdade de condicións respecto doutras entidades.

ESCOLAS INFANTÍS:

As escolas infantís 0-3 son centros educativos que desenvolven o seu labor no primeiro ciclo da educación infantil, atendendo a nenas e nenos de 0 a 3 anos, proporcionando unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garante o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos e das nenas.

Os servizos principais que prestan van dende a atención educativa, servizo de comedor ou un horario amplo.

En Galicia temos, segundo a súa titularidade e dentro da rede autonómica de escolas infantís:

- As escolas infantís dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais.
- As escolas infantís dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

En Galicia, ademais dos centros pertencentes á rede autonómica de escolas infantís existen outras escolas infantís públicas ou financiadas, total ou parcialmente, con fondos públicos, que son as seguintes:

- As escolas infantís 0-3 de titularidade municipal.
- As escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

Xustamente estas últimas, as escolas infantís dependentes de entidades privadas de iniciativa social, son as que atenden a este estudo de oportunidades empresariais para este sector.

Neste momento en Galicia existen 47 entidades destas características, subvencionadas, das cales: 14 son fundacións, 7 cooperativas e o resto asociacións/fundacións sen ánimo de lucro (26). Resulta curioso o dato de que, cando menos, 6 destas asociacións foron creadas dentro de organizacións de cooperativas de ensino, antes de que existira a figura da cooperativa sen ánimo de lucro. Por distribución xeográfica cabe mencionar que A Coruña é onde se consolida a figura cooperativa, con 5 entidades, e tamén destacar que é en Pontevedra onde existen mais asociacións, e onde 4 están vinculadas a algunha cooperativa de ensino⁷.

EXEMPLO:

<https://chipyhop.es/>

Son unha Cooperativa de Iniciativa Social formada por un grupo de profesionais especializados en ofrecer a mellor educación e coidado dos mais pequenos.

⁷ Fonte: Consellería de Política Social – Xunta de Galicia https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/familia/Relacion_E_Infantis_iniciativa_social_subv_2018_GAL.pdf

Facilitan a **conciliación** entre a vida familiar e laboral ofrecendo un servizo especializado en Educación Infantil para nenos e nenas de 3 meses a 3 anos. A escola está **subvencionada** pola Xunta de Galicia e todo o alumnado ten acceso a esas axudas.

Ofrecen complementariamente o ensino infantil, un servizo de comedor e actividades complementarias para nenos e nenas entre 3 e 8 anos.

CASAS NIÑO:

Unha Casa Niño é un proxecto piloto posto en marcha en 2018 para os núcleos rurais Galegos que, polas súas características de poboación (menos de 5000 habitantes), non teñen recursos de atención continuada á infancia de ata tres anos de idade.

En esencia, unha casa niño é unha pequena escola infantil rural que pretende proporcionar atención a nenos e nenas do rural en pequenos grupos. Neste sentido, cada casa niño poderá dar servizo a un máximo de 5 nenos/as con preferencia aos do concello no que está situada, pero que poden acoller tamén aos dos concellos próximos.

A casa niño pode ser promovida por unha persoa física ou por unha cooperativa de traballo asociado, non cabe ningunha outra fórmula xurídica.

Unha oportunidade de negocio empresarial e de emprendemento ante a situación da COVID -19 que estamos a vivir, xa que pode ser un proxecto que atenda moi positivamente a recomendacións sanitarias, como grupos burbulla, grupos reducidos, etc. Ademais de fortalecer o asentamento da poboación no rural.

Neste momento en Galicia existen sobre 200 concellos cunha poboación de menos de 5.000 habitantes, e soamente teñen autorizadas casas niño sobre 73 concellos. Isto son 76 proxectos, onde soamente un se enmarca baixo a

fórmula de cooperativa de traballo asociado, vinculado a tres casas niño na provincia da Coruña. Isto pode ser derivado de que o financiamento que se obtén para unha única casa niño non é viable economicamente para un proxecto de cooperativa de traballo asociado onde se require un mínimo de dúas persoas socias traballadoras. Si podería ter encaixe se se incrementa o financiamento para potenciar esta fórmula ou incentivar que no proxecto poida presentarse a xestión de varias casas niño.⁸

LUDOTECAS:

Unha ludoteca é un negocio destinado ó ocio infantil en idades de entre 2 e 12 anos, enfocado dende unha perspectiva informal de educar e intentar cumprir obxectivos educativos a través de actividades lúdicas.

Teñen por obxecto potenciar o nacemento dunha actividade lúdica favorecedora do desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial dos nenos/as, así como posibilitar o acceso ó mundo da actividade lúdica daqueles sectores cun entorno socio-cultural menos favorecido. As ludotecas poden desenvolver ademais as súas actividades en combinación con outros servizos exteriores de animación infantil, como bibliotecas, servizos de actividades culturais, recreativas ou deportivas. Estes centros teñen unha clara intención educativa, social e cultural, e están concibidos como un servizo. Trátase de educar no tempo libre dos nenos/as, a través de xogos, xoguetes e outros elementos. Réxense por unha programación anual, levada a cabo a través dunha metodoloxía concreta. Os nenos/as aprenden guiados por un equipo de “ludotecarios”, profesionais especializados, que realizan a función de educadores.

⁸ Fonte: Resolucións Diario Oficial de Galicia. Axudas concedidas casas niño convocatoria anos 2016-2019: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170703/AnuncioG0425-260617-0001_es.html
Axudas concedidas casas niño convocatoria 2018-2021: https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/axudas/17-07-2018_resolucion_de_18_de_enero_de_2019_cas.pdf
Axudas concedidas casas niño convocatoria anos 2020-2023: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200911/AnuncioG0425-030920-0001_gl.pdf

Os valores e principios da economía social fan que este tipo de empresas baixo fórmulas como a cooperativa de traballo asociado, xeren un valor engadido ás actividades que se pretendan levar a cabo, favorecendo o xogo libre, o emprego de metodoloxías de aprendizaxe cooperativo, poder innovar na educación non formal e transformar a educación.

Debido ás medidas adoptadas pola situación da COVID-19, este tipo de negocio sufriu restricións e situacións complicadas para seguir en funcionamento, buscando reformularse e innovar nas actividades, facendo que tamén poida ser esta unha oportunidade para un novo modelo de xestión e de organización.

OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN ECONOMÍA SOCIAL NA ATENCIÓN A MAIORES:

A pandemia deixou ao descuberto as debilidades do sistema asistencial de atención ás persoas maiores. A alta mortalidade rexistrada nas residencias da terceira idade a consecuencia do coronavirus, non se explica sen as carencias dun modelo denunciado dende anos atrás por persoas usuarias, familiares e traballadoras dos xeriátricos.

Na mesma liña que na atención á infancia, na atención a maiores o cooperativismo permite ser coherente cos seus valores e principios, e enfrontarse á realidade con valentía e construír positivamente proxectos onde as persoas estean no centro, tendo sempre en conta as necesidades dos maiores, as súas familias á sociedade en xeral.

Temos a posibilidade de innovar no sistema de atención a maiores, cambiar as realidades dos propios centros, transformar o xeito de prestar o servizo, facendo proxectos libres, espazos abertos, metodoloxías de coidados transformadoras demandadas dende fai tempo polas organizacións, polas persoas

que coidan e polas que son coidadas. Un modelo diferente baseado nos coidados nos fogares, en pequenas comunidades para poder facilitar a socialización dos maiores e, ao mesmo tempo, axudar á vertebración tanto social como laboral do territorio.

CASAS DO MAIOR:

Experiencias piloto postas en marcha pola Xunta de Galicia destinadas á atención de mulleres e homes maiores de 60 anos de idade, en situación de dependencia moderada e severa, grao I e grao II, respectivamente, e para persoas maiores sen dependencia, como recurso de promoción da autonomía persoal, mediante o establecemento da casa do maior nos concellos de menos de 5.000 habitantes que non dispoñan de medios de atención diúrna para estas persoas.

É importante, igual que para as Casa Niño, remarcar que poderán ser beneficiarias das axudas para poñer en marcha unha casa do maior as persoas físicas que se establezan como empresarios autónomos ou que constitúan cooperativas de traballo asociado.

En esencia, unha casa do maior é un pequeno centro de día rural que pretende proporcionar atención aos maiores do rural en pequenos grupos. Neste sentido, cada casa do maior poderá dar servizo a un máximo de 5 maiores, durante un máximo de oito horas diarias.

Unha oportunidade de negocio empresarial e de emprendemento ante a situación da COVID -19 que estamos a vivir, xa que pode ser un proxecto que atenda moi positivamente a recomendacións sanitarias, como grupos burbulla, grupos reducidos, etc.

A experiencia piloto destes proxectos abriuse no ano 2018-2019, con 30

casas⁹ de titularidade todas elas individual, ningunha en formato de cooperativa. A convocatoria do 2020 quedou paralizada e para o ano 2021 pretende abrir 69 novas casas do maior¹⁰. Para este ano si sabemos que hai unhas 4 solicitudes por parte de grupos promotores baixo a fórmula cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro.

ASISTENCIA DOMICILIARIA

Sempre estiveron aí, pero agora ábrense, máis se cabe, potencialidades de emprendemento para un servizo de axuda persoal e/ou prestacións no domicilio das persoas e familias (maiores, dependentes... atención familias desestruturadas...), con carácter preventivo, rehabilitador, por causas de distintas limitacións temporais ou permanentes por motivos de índole físicos, psíquico ou sociais, ou que pasan crisis persoais e /ou familiares. Estas prestacións poden ir referidas tanto a tarefas domésticas, apoio persoal, etc. como realización de xestións fóra do fogar, reparacións no fogar, etc.

As actividades ou servizos que se poderían promover dende unha cooperativa poderían ser: Servizos de teleasistencia, acompañamento, de alimentación, hixiene, apoio nas tarefas do fogar, farmacia a domicilio e salón de peiteados, entre moitas outras.

Ir mais aló dos servizos que poden dar dende o sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD) no cal participan cada unha das administracións públicas, xa que é bastante difícil xerar un modelo de negocio privado en estes servizos xa moi politizados. Para este caso, a oportunidade sería avanzar nas cláusulas sociais de contratación pública para que as empresas

⁹ Fonte: Axudas concedidas casas do maio convocatoria anos 2018 -2019: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190211/AnuncioG0425-010219-0001_es.html

¹⁰ CONVOCATORIA 2021: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS212A&a-no=2021&numpub=1&lang=gl>

de economía social tiveran tamén oportunidade para concursar sen discriminación en estes programas públicos.

EXEMPLO:

<https://cooperativamujerespalante.coop/>

Dende “Mujeres Pa’lante” apostan por unha economía feminista, por iso para contribuír á transformación social crean unha cooperativa de traballo composta por mulleres en Barcelona.

Queren poñer a vida no centro, dignificando o traballo reprodutivo, esencial para manter as súas vidas, comunidades e proxectos; así como valorar a calidade dos seus servizos dirixidos ás persoas e á sociedade para que sexa un ben común para todos.

Creen na xestión horizontal, na participación e no compromiso adquirido co seu traballo, na cooperación entre profesionais, autoxestión, traballo por conta propia e na dignidade das tarefas de coidado e acompañamento que levan a cabo.

Revalorizan e fan visible o traballo de atención ofrecendo unha oportunidade laboral xusta e digna a mulleres migrantes e / ou mulleres en risco de exclusión social.

Queren ser unha cooperativa de referencia estatal na área de coidado do fogar, limpeza e restauración, poñendo no centro a vida das súas traballadoras e dos seus clientes, traballando dende unha economía feminista baseada na dignidade e revalorización dos coidados.

Tamén ofrecen formación a entidades nas áreas de xénero, migración, multiculturalidade e empoderamento, desde a experiencia, a participación e a reivindicación política.

No servizo de atención domiciliaria brindan un servizo integral de acompañamento para promover, manter e/ou restablecer a autonomía

persoal. Grazas a ter un equipo profesional de técnicas formadas e especializadas en atención sociosanitaria. Dan acompañamento as visitas médicas e/ou xestións persoais, asegurando o bo entendemento da información médica por parte da persoa usuaria e un control e supervisión da medicación. Igualmente acompañamento hospitalario, para aquelas persoas que están ingresadas nun centro, ofrecendo tamén un servizo emocional, psicolóxico que brinde tranquilidade.

- Teñen un servizo de catering e apoian na alimentación, asegurando unha inxesta de alimento san, variado e equilibrado, en seguimento co médico da persoa usuaria.. Axudan a manter e/ou recuperar a autonomía persoal, garantindo un bo estado de saúde, dando seguridade e tranquilidade a persoa usuaria co obxectivo de facilitarlle o seu día a día.
- Teñen unha área de Ocio, onde realizan actividades recreativas, culturais, para que as persoas usuarias estean activas e motivadas.
- Outro dos seus servizos é no ámbito da hixiene persoal e doméstica e servizo de compra

PLATAFORMAS COOPERATIVAS NO SECTOR DOS COIDADOS

A crecente importancia de plataformas en liña que ofrecen servizos en diferentes sectores a persoas usuarias en todo o mundo, que xa conforman un fenómeno denominado “uberización” (en relación á compañía Uber), mantén en alerta non só aos sectores implicados, senón tamén ás persoas expertas en materia laboral.

Neste novo tipo de empresas, as persoas usuarias da plataforma son as que ofrecen o servizo e tamén son, en certo sentido, as súas traballadoras/productoras. Porén, un dos problemas destes portais é a falta de conexión real entre as

persoas usuarias e traballadoras. Ademais, a diferenza máis importante entre estas plataformas colaborativas e as empresas de economía social, como por exemplo unha cooperativa, radica no papel que teñen as persoas usuarias e/ou produtoras na participación na empresa. En Uber, por exemplo, non existe tal participación, mentres que na economía social si. Esta participación maniféstase en dúas esferas: na toma de decisións e no reparto de beneficios.

Internet impón duras condicións para competir nun mercado que cada vez máis aproveita as economías de escala para ser rendible. Por esta razón, a adhesión a cooperativas de plataforma pode sumar esforzos para chegar a novos públicos e mercados mantendo unhas condicións laborais dignas para o desenvolvemento persoal.

Por iso, desde a economía social están xurdindo iniciativas que aproveitan o auxe destas plataformas para ofrecer un servizo que só teña en conta os intereses das persoas usuarias e non o lucro para os investidores.

O que pretenden é imitar a esencia tecnolóxica de Uber ou Airbnb, pero poñéndoa ao servizo dun modelo de propiedade distinto, con valores democráticos, para que non só beneficie a unhas poucas persoas.

O cooperativismo de plataforma procura que estes novos xigantes da economía colaborativa estean baixo a propiedade e xestión das persoas produtoras, usuarias.

EXEMPLOS


- a. Plataforma estadounidense [Up&Go](#), que ofrece servizos profesionais a domicilio, como limpeza doméstica, pero que están ofertados por empresas cooperativas. Fronte ao 30% de comisión que cobran as plataformas colaborativas de servizos a domicilio, Up&Go só cobra o 5%

que necesita para manter a plataforma. E garantindo dereitos para as persoas traballadoras e para as persoas usuarias.

b. Coopify¹¹, Unha aplicación móbil para que as persoas que precisan contratar servizos de limpeza no fogar poidan contactar directamente cos que lles ofrecen, pero tamén as traballadoras da limpeza (porque todas son mulleres) que ofrecerán os seus servizos a través da plataforma e xa son membros da cooperativa de traballo. Isto significa que son independentes, si, pero que uniron forzas para conseguir o que non poderían conseguir soas. Son estas traballadoras-membros as que deciden xuntas canto traballan, como o fan e a que prezo, poñendo no centro as súas necesidades e as dos seus clientes, é dicir, as persoas. E son elas as que deseñaron e serán as propietarias da aplicación: serán os seus propios intermediarios.

O modelo convértese así en revolucionario dende dous puntos de vista. Por unha banda, porque crea unha aplicación móbil colaborativa regulada (unha cooperativa é unha forma xurídica), na que as persoas traballadoras teñen recoñecidos os seus dereitos. Unha empresa que, ademais, está rexida por certos principios éticos como a participación igualitaria dos socios, os salarios xustos, a conciliación da vida laboral e familiar e incluso a protección do medio ambiente mediante a prestación de servizos de limpeza ecolóxica. Por outra banda, porque permite ás cooperativas que durante anos funcionaron dese xeito “colaborativo” que se está facendo tan popular (descentralizado, empoderando aos cidadáns) entrar na era dixital –que xa era hora–, ampliando o seu alcance e adaptándose a súa lingua que a xente fala na rúa.

¹¹ Coopyfy: <https://www.agorarasc.org/coopify-propone-una-alternativa-etica-a-las-plataformas-colaborativas/>



9

- **PLAN DE FOMENTO
E CONSOLIDACIÓN
DE COOPERATIVAS
NO SECTOR:
AVALIACIÓN E
SEGUIMIENTO**


Na actualidade o desenvolvemento social demanda un número crecente de servizos sociais e a atención particular ao incremento da cohesión social. Neste ámbito as potencialidades das cooperativas de servizos sociais e de integración social, en estreita conexión coas diferentes administracións, e particularmente coa Administración Local, poden xogar un importante papel. O desenvolvemento recente de experiencias cooperativas no eido dos servi-

zos sociais ofrece un camiño de articulación das iniciativas dos axentes e traballadores cualificados que desenvolven o seu labor nesta área, ao tempo que facilita a identificación da problemática concreta e dos modelos prácticos máis acaídos. Pero non hai un seguimento, nin tampouco unha dinamización expresa de estas cooperativas ou iniciativas, polo que algunhas accións estratéxicas que se poderían poñer en marcha poderían ser:




- Informes anuais de indicadores sectoriais e de seguimento
- Grupos de traballo formados polo sector cooperativo e a administración autonómicas, provinciais e/ou locais, para seguimento, dinamización e intercooperación.
- Establecemento de liñas de promoción e apoio específicas, que contemplan a divulgación e formación práctica vinculada a proxectos en estes sectores.
- Implantación de modelos organizativos e de xestión vinculados á profesionalización, á calidade e á diversificación e ampliación da oferta de servizos.

- Deseño de protocolos de actuación e modelos de referencia para a integración social
- Establecemento de convenios marco para a prestación de servizos sociais, incentivados financeiramente.
- Impulso á participación cooperativa nos programas de inserción social, de integración e servizos sociais e/ou a súa concertación.
- Apoio especial para as cooperativas de carácter non lucrativo.



Os proxectos teñen que estar ben xestionados e a súa viabilidade garantida. Para que isto suceda debe facerse con eficiencia, e que se consiga o fin empregando os mellores medios posibles. O seu logro primeiramente pasa por iniciar o proxecto na fórmula xurídica que mellor se adapte as persoas que van formar parte do proxecto, ás súas necesidades comúns, e lograr satisfacer as sociais coas empresariais. E pechar o círculo obtendo unha viabilidade social, pedagóxica e económica.

Para logralo e fomentar oportunidades de negocio como as mencionadas no punto anterior ou consolidar boas prácticas que as entidades foron implementando xa nos últimos anos e medidas que se deron con efecto da pandemia Covid-19, deberíanse levar a **cabo accións como:**



1. Apostar pola corresponsabilidade

- Campañas de concienciación e visibilización sobre o reparto dos tempos de coidado, tarefas domésticas e desigualdades de xénero.

2. Potenciar a responsabilidade dos coidados no ámbito da empresa

- A través de pregos da contratación pública, valorando e bonificando aquelas entidades que se fagan responsables dos coidados.
- Potenciar máis, se cabe, os valores cooperativos para poder lograr maior organización interna en torno á flexibilidade das xornadas laborais, á crianza e maternidade, e ao coidado de persoas en situación de dependencia


3. Dotar de recursos e presupostos

- Que as administracións aposten por modelos de negocio, espazos, e doten presupostos ou os incrementen, para proxectos que poñan as persoas no centro e que teñan en conta as necesidades das persoas en diferentes momentos vitais (infancia, maiores...)
- Desenvolver un procedemento o suficientemente áxil para a cualificación como entidades de carácter non lucrativo daquelas cooperativas que acrediten o cumprimento dos requisitos necesarios. En paralelo, débense arbitrar as medidas que incentiven especialmente as cooperativas así cualificadas.

4. Recoñecemento profesional e mellora de condicións laborais

- Coa xeración de novas oportunidades no ámbito do coidado no fogar a través de cooperativas pódese mellorar e dignificar o sistema especial de emprego do fogar e atención a dependencia.

Algúns axentes sociais, no contexto da Pandemia Covid-19, xa **avanzaron algunhas propostas e propósitos** concretos como:



- Redución da xornada laboral a 32h ou catro días: Esta medida ten varios obxectivos, como por exemplo mellorar a conciliación, aliviar os servizos públicos como o transporte, ou como reducir as emisións por desprazamentos.
- Adaptación da xornada: É un dereito xa recoñecido e regulado polo RD Lei 6/2019: dereito a adaptar a xornada para adaptalo ás necesidades de conciliación.
- Reducción de xornadas pagadas polas administracións: Serían axudas económicas para as persoas que teñan que reducir a súa xornada laboral

máis dun 30% ou que teñan que coller unha excedencia temporal para coidar.

- Camiñar cara un sistema integral de coidados: Entre outras políticas incluíría un sistema universal e gratuíto de educación de 0-3 anos con flexibilidade horaria e un sistema de promoción da autonomía e a atención a situacións de dependencia.
- Teletraballo: Todas as propostas coinciden en que o teletraballo debe seguir sendo preferente, pero non pode ser a única fórmula que busque compatibilizar o coidado e o emprego.
- Incentivos públicos para os coidados no fogar: aprobar un incentivo económico para que as familias poidan contratar a persoal coidador. En esta liña en novembro de 2020 o Ministerio de Igualdade anunciou o Plan Corresponsables, dotado de 200 millóns para a contratación de persoal de coidados para familias con fillos menores de 14 anos.
- Lei de coidados e de sustentabilidade da vida e Lei de tempos: Mirando cara un medio e longo prazo, algunhas expertas e partidos políticos propoñen un armazón de políticas e iniciativas para cambiar a estrutura actual dos coidados ou crear unha estrutura sólida e modificar a forma en que actualmente se conciben, establecendo un Sistema Estatal de Coidados (IU-UNIDAS PODEMOS, 2020).


A pandemia supuxo que a importancia e o enorme traballo que carrexan os coidados pasaran da invisibilidade dos fogares á esfera pública, visibilizándose tamén a brecha de xénero que se da nos mesmos.

Esperamos que este contexto sirva como una oportunidade para implementar políticas públicas concretas que poñan a vida e os coidados no centro, políticas que avancen cara unha reorganización e redistribución social dos coidados e cara a eliminación da brecha de xénero.

Con todas estas acción e medidas teríamos que lograr nos próximos anos un crecemento no sector e poder marcarse obxectivos como por exemplo:

- Aumento na creación de cooperativas en servizos sociais. Nomeadamente impulso de cooperativas para as “Casas Niño” e as “Casas do maior”.
- Incremento das persoas socias nas cooperativas xa en funcionamento, a través da autoxestión e implementación das medidas de coidados e conciliación, fomentando así a consolidación das cooperativas de traballo asociado.
- Diversificación de servizos e profesionalización, nomeadamente nas actividades de atención domiciliaria e dependencia
- Transformación empresarial, facilitando a transformación de empresas en crise ou peche en fórmulas cooperativas.
- Aumento do emprego masculino e diminución das tarefas de coidados para as mulleres. Redución das brechas de xénero.

POSIBLES OBXECTIVOS MARCO 2022 - 2025





10

● Bibliografía:

1. Ce2coop, informe de investigación COCETA: cuidados y conciliación, nuevas oportunidades para cooperativas de trabajo y empleos cooperativos Post-COVID19
2. Estudo Sobre dependencia da Universidade de Santiago de Compostela, 2020
3. Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia
4. Unión de cooperativas Galegas Espazocoop
5. OIT. Organización internacional do Traballo: Historias de impacto **Las cooperativas entran en la economía del cuidado**
6. Oportunidades de negocio proxecto LACES (Laboratorios de apoio á creación de emprego e empresas de economía social) que se integra no programa Interreg V-A España-Portugal (Poctep) 2014-2020
7. Visibilizar lo invisible 2020 – Economistas sin fronteras.
8. Estatísticas Economías social galega. Xunta de Galicia 2017,2018,2019.
9. Xunta de Galicia. Informes anuais Rede Eusumo - Economía Social Galega

